



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: formalización de contratos e alta na Seguridade Social de 5 peóns de obra para o Programa de Integración Laboral (PEL2018).

Visto o proceso de selección incoado para a selección dunha cuadrilla de limpeza (4 peóns de limpeza viaria a xornada parcial) e dunha cuadrilla de obras (5 peóns a xornada parcial) ao abeiro do *Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2018* publicado no BOP núm. 94 do 21/05/2018.

- Postos: Cuadrilla de obras e cuadrilla de limpeza
- Tipo de contrato: Laboral temporal por obra/ servizo de interés social.
- Número de postos:
 - o Cuadrilla de limpeza: 4 peóns de limpeza viaria a xornada parcial
 - o Cuadrilla de obras: 5 peóns a xornada parcial
- Duración do contrato:
 - o 3 meses cuadrilla de limpeza
 - o 4 meses cuadrilla de obras
- Xornada: parcial

Visto que foi presentada unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Carballo para a contratación de 5 postos de peón de obra con data do 13/08/2018 e se remitiron ao servizo de emprego do Concello un total de 25 candidatos cos seus respectivos curriculums vitae.

Visto o decreto nº 445/2018 con data do 24/08/2018 de nomeamento de 5 peóns de obra e visto que os adxudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato laboral temporal a 5 peóns de obra, con data de inicio 01/09/2018 e con unha duración de 4 meses a xornada parcial (5h/día) para a **cuadrilla de obras** aos seguintes aspirantes nomeados:

- o Andrade Souto José
- o Romero García Antonio
- o Cambón Bello Evaristo
- o Pérez Blanco José
- o Alvarellós Pailos Alfonso

Segundo: publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección,

Terceiro: dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)